

UN NOVO MODELO DE CIDADE

O dicionario do cambio ¿De que estamos a falar?

RENATURALIZACIÓN URBANA

Non é só aumentar o volume de plantas nas rúas. É devolver a natureza á cidade para que funcione como o ecosistema vivo que é, recuperando procesos naturais minguidos.

INFRAESTRUTURA VERDE

Unha rede planificada de espazos naturais - áreas verdes, parques, ríos, lagoas - conectados entre si, que nos ofrecen servizos ecosistémicos vitais - limpeza do aire, aproveitamento da auga, regulación térmica -.

SOLUCIÓN BASEADAS NA NATUREZA (SbN)

Accións que imitan á natureza para resolver problemas urbanos - como a calor ou as inundacións - de forma eficiente e sostible.

CORREDOR ECOLÓXICO

Área que conecta distintos espazos verdes permitindo a circulación de especies, a recuperación da biodiversidade e o mantemento dos procesos ecolóxicos a nivel urbano.

ILLA DE CALOR

Fenómeno polo que o núcleo urbano experimenta temperaturas máis altas porque as superficies artificiais - asfalto, formigón...- absorben a calor mentres que nos arredores son máis baixas grazas á transpiración natural da vexetación e a vaporización da auga.

SERVIZOS ECOSISTÉMICOS

Beneficios que proporcionan os ecosistemas como regulación do clima, purificación da auga, protección contra inundacións, sumidoiro de carbono, control da erosión, e oportunidades de recreo e benestar.

As solucións prácticas e o novo panorama da cidade ¿Que imos ver?

ESPAZOS VERDES

Restauración, renaturalización e creación de áreas naturais unidas co Anel Verde para que:

- fauna e flora poidan propagarse
- recuperación da capacidade de regulación térmica
- desfrute dun entorno saudable para o lecer e realización de actividades da cidadanía.

PERMEABILIZACIÓN

Solos drenantes, xardíns de chuva e alcorques que deixan pasar a auga á terra:

- recargando os acuíferos
- recuperando o ciclo da auga
- reducindo a escorrentía urbana.

RÍOS E LAGOAS RECUPERADOS

Restauración de humidaís para facilitar a xestión da auga de forma natural facilitando a achega hídrica á rede fluvial.

VEXETACIÓN AUTÓCTONA

Plantas propias do territorio que requiren menos rega e achegas de tratamentos e dan refuxio á fauna local.

ASPECTO NATURAL

Evolución dos xardíns decorativos á paisaxe natural - non antropizada- ligada á biodiversidade e saúde.

